

Resolución definitiva dos centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia seleccionados para participar no programa *EduExchanges* de intercambio presencial de alumnado con centros educativos doutros países durante o curso 2024/2025.

Segundo os termos establecidos no artigo 11.1 da Resolución do 5 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduExchanges de intercambio presencial de alumnado con centros educativos doutros países durante o curso 2024/2025 faise pública a resolución definitiva dos centros seleccionados.

RESOLVE:

1. Publicar no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal/> a listaxe definitiva-que figura no Anexo desta Resolución- de centros admitidos no programa Intercambios Escolares EduExchanges de intercambio presencial de alumnado con centros educativos doutros países durante o curso 2024/25.
2. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, *na data da sinatura dixital*
A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa



ANEXO I
PROGRAMA EduExchanges presencial 2024-2025
LISTAXE DEFINITIVA DE CENTROS SELECCIONADOS DO PROGRAMA DE INTERCAMBIO

